

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 28 DE MAIO DE 2014

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e oito de maio deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para acondicionamento de local de planta baixa para oficinas de mutua, no edificio con licenzas números 982/02 e 1415/10, sito na rúa Enriqueta Otero, número 2, local 2-3; para instalación de estación base de telefonía móbil en solo urbano, na avda. Infanta Elena, número 213, Centro Comercial "As Termas"; para a instalación de estación base de telefonía móbil en solo urbano, na rúa do Franco, número 14 e para a construción de edificio na rúa Armanyá, números 33-35.

Acórdase a denegación de licenza para reforma de local e adecuación de fachada no edificio sito na rúa Conde Pallares, número 2.

Acórdase desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local 7/333, do 15 de maio de 2013, no que se resolve a concesión da licenza para instalación de ascensor no edificio sito na rúa Irmáns Carro, número 6.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

2. PERSOAL.- Acórdase autorización para realizar servizos extraordinarios por persoal do Taller de Augas e a aprobación da forma de compensación.

Tamén se acorda a autorización para a realización de servizos extraordinarios por persoal pertencente ó Servizo de Extinción de Incendios, con motivo da celebración do "Arde Lucus" e a aprobación da forma de compensación.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		FECHA	03/06/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	pb9fhjShii4pzdI8ENKZ+Q==	PÁGINA	1/3
 pb9fhjShii4pzdI8ENKZ+Q==				

Acórdase aprobar as bases do proceso selectivo para a cobertura temporal de prazos de operario/a, previa delimitación do obxecto da convocatoria.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a desestimación alegacións e incoación expediente incautación garantía definitiva por defectos non emendados no expediente de construción dunha Casa da Xuventude en San Fiz na parcela 10-A quinceiro B do Plan Parcial de ordenación do Sector Sur-K. Fondo estatal de investimento local. (09feil47).

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación da prestación do servizo de centro de día "Novo Antonio Gandoy" sito na rúa Carril das Hortas 2014. Apertura do procedemento de adxudicación.

Tamén se acorda a revisión de prezos do contrato suscrito coa empresa, adxudicataria do servizo de coordinación e desenvolvemento de actividades nos centros municipais Casa da Xuventude e Casa da Música para o período que abrangue dende o 10/01/2014 a 09/01/2015.

Así mesmo, acórdase a revisión de prezos do contrato suscrito coa empresa, adxudicataria do servizo de prestación integral das actividades de animación sociocultural para desenvolver pola Área de Xuventude (programas previlugo, asesorías xuvenís e Arde Lucus) para o período que abrangue dende o 06/11/2013 ata o 04/11/2014.

4. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza de primeira utilización para dez vivendas unifamiliares en fileira sitas nas Regas, 51-69.


Tamén se acorda a regularización da situación tributaria en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras, pola explotación agropecuaria existente antes da entrada en vigor da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, sita en Fazai-Carballido.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

Acórdase a Delegación de competencia na Tenenta de Alcalde e Concelleira Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación para a

Código Seguro de verificación:pb9fhjShii4pzdI8ENKZ+Q==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	03/06/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	2/3


pb9fhjShii4pzdI8ENKZ+Q==

resolución das solicitudes de prórrogas presentadas para a autorización da instalación de postos de venda de mercadorías e da instalación de postos de restaurantes e postos de elaboración de comida para a festa Arde Lucus 2014.

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

Código Seguro de verificación:pb9fhjShii4pzdI8ENKZ+Q==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	03/06/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	3/3



pb9fhjShii4pzdI8ENKZ+Q==